

Primeira sesion.-

Na vila de Monforte de Lemos a sazaicito do mes de Febreiro do ano de mil novecentos vinte e dous ás catro e media do seran, deu comenzo a Asambleia no salon de sesios do Pazo Consistorial, presidida pol-os catro membros do Directorio: irmans Banet Fontenla, Farruco M. Balboa, Vicente Risco e Anton Vilar. Comenzou co-a presentacion das credenciais, achantose presentes os irmans Euxenio Charlon, Ramon Vilar Ponte e Xaime Quintanilla pol-a Irmandade do Ferrol; Roberto Blanco Torres, Farruco Lamas e Arturo Nogueroi pol-a Mocidade Galeguista d'Ourense; Manoel Lustros Rivas pol-a Mocidade Galeguista de Vigo; Manoel Antonio, pol-a de Rianxo; Alifonso R. Castelao e Anton Lousada Diegues, de Pontevedra; Calros Quiroga de Cordova (Republica-Ar-xentina); Lois Pena Novo pol-a Irmandade da Cruña; Xesus Peres Fernandes, Cas- tor Cornide e Anton Rodriguez Somosa por Monforte.

Seguidamente, o irmán Risco repartiu o Regramento e temas da Asambleia que se acompañan a esta Auta.

Procedeuse á eleucion da mesa presidencial, nomeandose presidente o irmán Vicente Risco, Vice-presidente Anton Lousada, Segredareo Arturo Nogueroi e Vice-segredareo Manoel Antonio. O segredareo leu as adhesions recibidas, cujos orixinaes acompañan á Auta.

O presidente manifestou qu'Anton Vilar Ponte traquia a representacion de Evaristo Correa Calderon, e il a de Enrique Peinador, propoñendo a Asambleia si terian voto istos representantes. A Asambleia acordou que non-o tiveran. Seguidamente o presidente pediu xuramento a todol-os irmans que non-o tiñan feito nas anteriores Asambleias, que foron: todol-os representantes da de Monforte, Farruco Lamas, Calros Quiroga, Alifonso Castelao, Manoel Banet Diaz e Xose Calvifo, que o prestaron, postos en pé todol-os assembleistas.

O presidente declarou aberta a Asambleia e pediu a todol-os delegados que leesen as propostas escritas que trouxesen en col do primeiro tema, prin-

compiando Xaime Quintanilla co-as propostas da Irmandade do Ferrol e seguindo Roberto Blanco Torres co-as da Mocidade d'Ourense. N'iste instante concedeu-lle licenzia o irmán Balboa pra unha cuestión incidental que logo despricada sintetizou na proposta seguinte: "Que habendo un regramento das Irmandades, aprobado en anteriores asambleas, pregaba a Asamblea acordase, que todas-as entidades nacionalistas o acatasen." Con iste motivo diversos irmáns espuxeron criterios diferentes respecto o que se debía entender por partido nacionalista e por Irmandades da Pala, e respecto a si todas-as entidades nacionalistas debían ter a mesma denominación ou respectar as denominacións actuais. Pol-a importancia da discusión acordouse dar amplitude o debate no que interviron caseque todos-os asambleístas e o presidente pra millor enfiar a discusión suspendeu a Asamblea por cinco minutos.

Comenzou esta de novo as seis e media, e o presidente formulou a proposta do irmán Balboa nas dúas proposicións seguintes: Primeira: Que as entidades nacionalistas teñen o mesmo regramento. - Segunda: Que sirva de base pra o mesmo o regramento da Irmandade da Cruña; aprobándose a primeira por unanimidade co-a abstención de Banet Fontenla, e desbotándose a segunda por quince votos contra os votos dos irmáns da Cruña.

Pra facer iste regramento puñéronse á discusión as propostas que tocantes a iste particular traguan os delegados do Ferrol e d'Ourense, comenzando pol-a seguinte proposta da Irmandade do Ferrol: "Que as organizacións presentes e futuras, nacionalistas, constituían un sóc organismo que se nomeara Irmandade Nacionalista Galega, considerándose as ditas organizacións coma Delegacións da mesma." Posta a discusión aprobouse por unanimidade na intelixencia de que as delegacións conservarían a súa personalidade xurídica e a autonomía pro seu rexime interno.

Comenzouse logo a discusión sobre os fis qu'ha ter a Irmandade Nacionalista, acordándose a comenza de non facer manifestacións respecto ás formas de goberno, e a mesa presidencial sintetizou as diversas opinións dos asambleístas

tas na seguinte proposicion que foi aprobada por unanimidade: "O fin da Irmandade Nacionalista Galega sera a formanza da concenza nacional galega e por curar realizar os fis indicados nas asambleas celebradas e que se celebren

Despois puxose a discusion a organizacion da direcion suprema d'iste organismo, tomándose por unanimidade tamén os seguintes acordos: Primeiro; A autoridade suprema estara vinculada nas asambleas que se celebren. Segundo De asamblea en asamblea a autoridade d'ista quedara delegada n'un conselleiro supremo que se elixira en cada asamblea ordinaria, podendo se reelixir este cargo e sendo responsable ante a asamblea. Terceiro. Iste conselleiro podera nomear conselleiros auxiliares asegun o plan presentado por Anton Cousada que por separado se acompaña a Auta, entendendo que a responsabilidade da súa situacion sera sempre do conselleiro supremo. Coarta. Terase cada no unha asamblea ordinaria n-o lugar que acorde a asamblea anterior.

A asamblea xuntarase extraordinariamente n-estes dous casos: Primeiro.- ante a morte do conselleiro supremo, e segundo: Cando o pidan a maioría das delegacions.

Sendo as nove da noite o presidente suspendeu a sesion pra conti nual-a as dez. De todo o que eu segredareo don fe.-

V.B.

O Presidente

Vicente Vique

Antonio M. Vique

SEGUNDA SESION.-

As once da noite reanudaase a sesion cos mesmos individuos que a sesion anterior e tomase os seguintes acordos:

A asamblea comporase dos persoeros das Delegacions. Cada Delegacion podera mandar a Asamblea hasta tres persoeros con voz e voto e tera tres votos calquera que sexa o numero de persoeros que mandare.

Istes persoeros seran elixidos en xuntanza xeneral dos socios da Delegacion respectiva que poseian carnet d'identidade de nacionalistas. O Consel

4

lo da Delegacion espereira os persoeiros eleixidos as correspondientes credenciais, sin as que non tera voz e voto na Asambléa. Os demais irmáns que voluntariamente concurren a Asambléa, non terán máis que voto consultivo no caso de que a Asambléa os consultara especialmente.

A Asambléa será presidida pol-o Conselleiro Supremo pro esazo e consulará das credencias, e logo d'aprobar as listas e posesionarl-os persoídos, polo-a mesma polo-a mesma elixa o que se compoñe do Presidente e Secradario. O Presidente levará o orde das deliberacións e votacións e o Secradario levantará de cada sesión unha acta que será firmada por todol-os asistentes e custodiada no arquivo da Delegation.

Os asuntos a tratar en cada Asambléa fixaranse n'un cuestionario que se fará circular con cada convocatoria. Somentos se poderá tratar un asunto non comprendido no cuestionario no caso de que a Asambléa a proposta de tres persoeiros, escrita e firmada por illos, acordados de conformidade que se discutirá. A admisión de socios quedará o arbitrio da Delegacion respectiva. Deixa que pase un ano desde ingreso, ningún irmán tera voz nin voto nin poderá desempeñar carregos directivos na Delegacion respectiva. Pasado o ano o goberno da Delegacion propondrá a xunta xeneral a habilitación do socio pra ter voz e voto e desempeñar cargo. Acordada pol-a xunta xeneral dita proposta, o socio poderá solicitar do Conselleiro Supremo por conduto da Delegation a que perteneza, o carnet d'identidade o que será preciso pra ter voto na elección de persoeiros pra Asambléa e pra ser persoeiro da mesma e das Delegacións.

Os socios actuais das Delegacións poderán pedir pol-o mesmo conduto o Carnet d'identidade do Conselleiro Supremo. O carnet tera que visarse todol-os anos pol-o Conselleiro Supremo sen outro requisito ficara nulo. O carnet custará cinco pesetas e pagaránse tamén cinco pesetas pol-o visado anual.

Ningun irmán nin Delegacion poderá realizarse acordos tomados, teren relacións oficiais con ningún nin emprenderse traballo algun sen o permiso es, re

5
e y-escrito do Conselleiro supremo.

As relacións oficiais entre Delegacións y-entre irmáns e organizacións nazonalistas ou non nazonalistas faranse sempre por intermedio do Conselleiro supremo. Cando pol-a urxencia do caso se non teña tempo pra solicitar do Conselleiro supremo o permiso necesario, os acordos levaranse a práctica, mais co-a corrixo se dare despois conta-obriga imprescindible-ao Conselleiro supremo das causas que impediron a comunicación ao mesmo.

Antes de que termine o presente mes o Conselleiro supremo mandara copia d'ista auto a todas as delegacións e irmáns isolados, quenes enviarán a súa conformidade espresa a todos e cada un dos acordos tomados n'ista Asambleia no prazo máximo de quince días. A Delegación ou irmán que o non faga así entenderase que deixa de pertencer a Irmandade Nazonalista Galega.

Despois tratase dos medios económicos que terá o Conselleiro supremo, acordándose que os ingresos dos carnets e as suscripcións voluntarias sexan pra tal fin. A Irmandade Ferrolan propón que todas as Delegacións contribúan, pra os gastos do Conselleiro supremo c' unha cuota mensual obrigatoria de dez por cento do líquido total que recaude en cada mes. Iste dez por cento, girarase a o Conselleiro supremo na primeira decena de cada mes. A Delegación que na data da celebración das Asambleias teña en descripto dous meses non terá voz nin voto nas próximas xuntas. Discútese y-acordase asíxese este asunto pra derradeira sesión.

Pol-a hora avanzada levantouse a sesión.

De todo o que se seguiu así se foi.

V.B.

O Presidente

Vicente Vico

O Secretario

Amador Viqueira

Terceira Sesión.-

As once e meias da mañá do día dazanove deu comenzo a sesión co-a discusión sobre as propostas da Irmandade do Ferrol respecto a orientación política do nacionalismo. Pol-a importancia do tema o Presidente consultou a

6
opinión de todos os asambleístas que a foron espouso por orden dando por resultado que a opinión da Asamblea tivo os seguintes aspectos: uns de-
claráronse partidarios do apoliticismo absoluto; outros do apoliticismo elc-
toral e outros da intervención política en todas as súas manifestacións, sen
do sempre orientación caseque unánime que por ser un problema moi circuns-
tancial os acordos non debían ser absolutos.

Dándose ⁴³esto por rematada a sesión da mañá que no seu comezo re-
chazou unha proposta do irmán Balboa de que se non discutira isto problema.

Do que eu segredarei dou fe.

V.B.

O Presidente

Vicente Risco

O secretario

Antonio Aguiar

Coarta sesión.-

Deu comezo no pazo consistorial a sesión da tarde do mesmo día dazano-
ve as catro seguintes co-a exposición d'opinións en col do problema político
qu'espuxeron os irmáns que non faláran a mañá. Posta a discusión a ponencia
ferrolana partidaria do apoliticismo, deuse lectura a unhas propostas da Ir-
mandade da Cruña pedindo a intervención política do nacionalismo, e despois
d' unha ampla discusión tomouse o seguinte acordo: Declarárase que a Irmandade
Nacionalista non tomara parte activa en eleccións presentando candidatos sen
acordo da Asamblea. Suspendida a sesión por dez minutos deu de novo come-
zo con dúas propostas de carácter urgente firmadas por varios asambleístas
unha pra eleixir o Conselleiro supremo por teren que ausentarse algunhos ir-
máns, e outra pra fixar o sitio onde celebrárase a Quinta Asamblea da Irman-
dade sendo elixido a proposta do Antón Louzada e por unanimidade o irmán
Vicente Risco e acordándose que sexa a Cruña o lugar da próxima asamblea.

A proposta das Irmandades do Ferrol e d'Ourense aprobouse a seguinte
proposición: que ningún irmán podera tomar parte nas eleccións nin coma can-
didato nin axudando a candidatos nin candidatura algunha sen autorización
do Xefe ou da Asamblea.

Seguidamente e por proposta de Castelao, Lousada Diegues e Blanco Torre aprobouse a seguinte: Todo nazonalista estara na obriga de votar sempre a un nazonalista e no caso d'unhas eleucioes xeneraes nas que non interviñamos espontaneamente os votos en todos os distritos seran p^o Xefe.

No derradeiro puxose a discusion a seguinte proposta da Irmandade do Cruza: A Irmandade Nazonalista podera soste intelixencias oficiais co-as demais orgaizacioes politicas de Galiza pra resolucioes daqueles problemas e propaganda d'aquelas ideas en que coincidan. Despois d'unha ampla discusion foi aprobada por un voto de maioria. Dando con isto remate a sesion sendo as nove e media da noite.

O segredareo fai costar que despois da unha d'ista noite non se celebrou sesion por daren unhas conferencias de afirmacion nazonalista varios asambleistas na Sociedade do Casino. Tamen fai costar que na manha do dia vinte non se celebrou sesion.

Do que eu segredareo dou fe.

V.B.
O Presidente

V. V. V. V. V.

O segredareo

[Handwritten signature]

QUINTA SESION.-

Comenzou as catro e media do seran do dia 20 co-a asistencia de todos os que figuraban nas sesioes anteriores, agas os irmans Balboa, Castelao, Lousada Diegues, Blanco Torres, Quiróga, Otero Pedrayo, Anton Sanchez, Montes e Villot. Asistiu o irman Enrique Peinador. O segredareo deu lectura a auto, que se aprobou. A proposta de Quintanilla acordouse que nas futuras asambleas os Conselleiros estexan en lugar arredado dos outros asambleistas.

A proposta do presidente pofense a discusion os temas en col da propagan- ta. A Irmandade do Ferrol, propon que todas as seicioes editen un Boletin mensual coña xa o ven faguendo a entidade propoñente de propaganda nazonalista. Engadese a isto que tal Boletin ~~debe de sere~~ ^{debe de sere} obrigatorio pra todas as seicioes. Con tal motivo Ramon Vilar Ponte pregunta cantos son necesarios pra constituir delegacion. Contestalle o presidente decindo que a publicacion de Boletis debe sere obrigatoria pra todas as delegacioes que hai exc. D'ei-

Lera de sere

8
si en adiante poderan formarse delegacións os irmaus que queiran pois pra
constituirlas abondara e un soio individuo que teña vontade de sel-o. Iste
irmaus que formaren delegacións atopanse obrigados a cumprir as obras
das delegacións. Os irmaus isolados que se non atopen con forza pra com-
prir con tales obras constituiranse en delegación da Delegación máis pro-
xima; ou sexa en subdelegacións. Estas subdelegacións estarán obrigadas a se-
guir o regramento da delegación respectiva.

O irmau Nogueira propón y así se acordou que as cabezas de todos os boletíns
deben ter un soio e unsoo formato. Presentase unha proposta firmada pol-os
irmaus Anton Villar Ponte Manuel Antonio e Farcuco Lamas que di: Que se de-
clare a incompatibilidade da filiación nazonalista con calquera outra fi-
liación política. O irmao Peña Novo fala en contra d'ela estimando que o que
debe declararse é a incompatibilidade coas disciplinas. Despois de ampla dis-
cusión procedese a votarse si a proposta ficara como foi feita ou si ficara
co modificación proposta pol-o irmau Peña Novo. No primeiro senso votan 12
samboristas. No segundo, 8. Fica pol aprobado que a filiación nazonalista é
incompatíble con calquera outra filiación política.

A proposta de Peña Novo aprobouse que os nazonalistas poden pertenceren
a redacción de calquer periódico, e que ningún nazonalista podera publicar
artigos de colaboración gratuita que non sexan en galego, sempre que tales
artigos publiquense en Galiza ou en periódicos de empresas galegas.

Discutíase en col da porpaganda e acordábase as seguintes conclusións:
1.- Porpaganda entr'os cregos, pra o que pediranse os listos de suscritores
e leutores dos Boletíns oficiais das diocesis galegas. 2.- Porpaganda nos co-
leges que estudara o Conselleiro supremo. 3.- Porpaganda no adro: Pra ela co-
mo máis axitada creación d'Escolas provinciais, gratuitas de segredarécé de
sociedades agrarias. 4.- Editarse o gran pedagoxico de Risco. 5.- Facer un ca-
mpañismo en galego respecto a cousas galegas. 6.- Facere a Histeria do noso

Nacionalismo.-7.-Axuda obrigatoria en todos os traballos de propaganda.9
Traballare pol-a creacion da Escola d'Arquitectura.10.-Propaganda na Uni-
versidade,co ouxeto de galeguizar-a.11.-Traballare pra edicion de catecis-
mo catolico en galego.12.-Acordase traballare pra conseguirmos a reforma
de regramento notarial.Tamen acordase traballare en prol de qu'os natarieos
e demais funcionarios galegos -funcionarios xudiciais-teñan a obriga de
conoceren e noso idioma.13.-Sosteremos relacion cos prelados galegos e tra-
balleremos pra que cheguen un dia en que sexan da Terra todos os prelados
das nosas diocesis.14.-Tamen se acorda empregare a rubida dos aranceos coma
medeo de propaganda.

E pol-o derradeiro tratase da cuestion economica no que refirose a os me-
dicos do que dispora o Conselleiro Supremo e ademais dos acordos xa tomados
temanse os seguintes:1.-Que as delegacions paguen a Conselleiro o 10% dos
seus ingresos totaes.Isto pago debera facerse na primeira decena de cada
mes e con arreglo a cotizacion de mes donanterior.As delegacions que na da-
ta das Asambleas non teñan ~~ningun ingreso~~ seus pagos a cu-
berto e no caso de deberen dous meses non teran dereito a mandaren persoei-
res as ditas Asambleas.2.-Que os irmaus isolados den un peso e nos pres-
gastos de Conselleiro sempre que non pertenezan a unha subdelegacion en
cuio caso pagaran con arreglo a cuota da delegacion a que pertenezan.3.-
Cada voto pagara un peso nas Asambleas,como dereito de idiccion.

Acordase que "A NOSA TERRA"convirtase no orga oficial da Irmandade Naze-
nalista Galega sendo obrigatorie de todos os irmaus e delegacions o sosteñe-
mento da dita publicacion.O director de "A NOSA TERRA"sera nomeado pel-o
Conselleiro Supremo que pode arredale de tal carrega canee lle pareza oportu-
tune.O uneco responsabre da eurentacion e direucion de "A NOSA TERRA"ante
as Asambleas sera o Conselleiro Supremo.

Tamen se acorda que o Conselleiro Supremo leve o rexistro oficial de

10
todol-es nazenalistas galegos de mundo, con toda oras de datos. As delegaci
es contribuiren a fermanza a' isto rexistro.

Acordase que se faga un Concurso pra o Hine da "Irmandade Nazena-
lista Galega"

E non habendo mais de que tratarse levantexse a sesion, e seuse
per terminada a Acambreia.

De todo e que eu segredase seu fa.

V.B.

O Persidente

Fuente Novo

O Segredaseo

Amo Maguero